

BASES DE PARTICIPACIÓN – "Busca do Tesouro da Volta ao Cole con Estrela"

1. ORGANIZACIÓN

A actividade "Busca do Tesouro da Volta ao Cole con Estrela" está organizada polo Centro Comercial Aberto Estrela de Marín, dentro da campaña de dinamización comercial *da volta ao cole*, co obxectivo de promover e dar visibilidade ao comercio local de Marín.

2. DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

A "**Busca do Tesouro da Volta ao Cole con Estrela**" é un Scape Room Virtual urbano que se desenvolverá nas rúas de Marín o 12 de setembro de 2025, a partir das 18hrs no que as persoas participantes deberán resolver diferentes probas e pistas agochadas en establecementos asociados.

O xogo estará dispoñible a través da aplicación Actionbound, de balde, e desenvolverase en galego. A actividade combina pistas físicas nos comercios participantes con probas dixitais (acertixos, test, procura de obxectos, códigos QR, etc.).

3. PARTICIPACIÓN

- A actividade está aberta a todas as persoas que desexen participar de forma individual.
- Para participar é imprescindible cubrir o formulario de inscrición dispoñible na web.
- As persoas menores de idade deberán contar coa autorización dunha persoa adulta responsable.
- Recoméndase dispoñer dun teléfono móbil con conexión a internet, cámara, localización activada e batería suficiente.

4. DURACIÓN E LOCALIZACIÓN

- A actividade realizarse o 12 de setembro, cunha duración estimada de 60 minutos.
- O punto de saída e chegada será a Alameda "Rosalía de Castro" de Marín e o parque Eguren, respectivamente.

- A última oportunidade para iniciar o xogo será o venres 12 de setembro ás 18:15 h, para garantir a finalización antes da Festa da Espuma.

5. SISTEMA DE XOGO E CLASIFICACIÓN

- A través da app Actionbound, as persoas participantes deberán completar o percorrido, resolver as probas e superar todos os desafíos no menor tempo posible.
- O sistema de puntuación terá en conta:
 - Tempo total empregado.
 - Número de acertos nas probas.
 - Penalizacións por respostas incorrectas.
- A clasificación será visible ao final da actividade.

6. PREMIOS

- A persoa que complete o xogo en menor tempo e con maior puntuación será recoñecido como gañador/a e recibirá un vale de compra de 50 € para gastar nos establecementos asociados ao CCA Estrela de Marín.
- Ademais, todas as persoas participantes que completen o xogo e estean rexistradas no formulario levarán unha bolsa reutilizable de “Comercio de Marín”

7. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación na actividade implica a aceptación total das presentes bases. A organización resérvase o dereito de modificar estas bases, así como de suspender ou aprazar a actividade por causas alleas ou de forza maior.

8. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos recollidos no formulario de inscrición serán tratados conforme á normativa vixente de protección de datos e só se empregarán para a xestión da actividade.

9. CONTACTO

Para calquera dúbida ou incidencia, pode contactarse coa organización a través do correo electrónico info@estrelademarin.es ou das redes sociais de Estrela de Marín.

10. EXONERACIÓN DE RESPONSABILIDADES

- ESTRELA DE MARÍN non se responsabiliza do uso que do premio realice o agraciado e non será responsable dos servizos nin produtos que terceiras empresas deban prestar con motivo do premio desta promoción.
- ESTRELA DE MARÍN non será responsable de que o gañador ou os suplentes, non se atopen presentes no momento do sorteo.

11. DEREITOS E DEBERES DE PARTICIPANTES E GAÑADORES. REPERCUSIÓN FISCAL

ESTRELA DE MARÍN non se fará cargo dos impostos derivados da entrega dos premios, salvo aqueles que por lei lle correspondan satisfacer, e, no seu caso, practicará o ingreso a conta ou a retención que poida corresponderlle en virtude da lexislación aplicable.

- De conformidade coa normativa do IRPF os premios desta promoción estarán suxeitos á normativa fiscal en vigor en cada momento, actualmente a Lei 35/2006, de 28 de novembro do IRPF e o Real Decreto 439/2007, de 30 de marzo polo que seaproba o Regulamento do IRPF.

Neste marco legal, establécese que os premios derivados da participación en xogos, concursos, rifas, ou combinacións ao azar vencelladas á venda e promoción de bens e servizos están suxeito ao ingreso a conta sempre e cando a base de retención ou ingreso á conta do premio sexa superior a 300€.

- ESTRELA DE MARÍN queda relevado de calquera responsabilidade relativa ás obrigas fiscais que para o agraciado puideran derivarse da obtención do premio.

12. CESIÓN DE DEREITOS DE IMAXE

Os gañadores desta promoción autorizan a ESTRELA DE MARÍN a reproducir, utilizar e difundir o seu nome, apelidos, enderezo e imaxe en calquera actividade publicitaria e/ou promoción a que esté relacionada con esta promoción, todo elo en calquera medio e sen que ditas actividades lles confira dereito de remuneración ou beneficio algún coa excepción feita da entrega do premio gañado conforme a estas bases. A cesión inclúe todos os dereitos de reprodución, transformación, distribución e comunicación pública da grabación ou imaxes captadas, sen limitación de tempo nin territorio.

13. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación na presente promoción supón a aceptación integra das presentes bases e a sumisión expresa das decisións interpretativas que das mesmas efectúe ESTRELA DE MARÍN. No caso de diverxencia entre os participantes na promoción e a interpretación das presentes bases por ESTRELA DE MARÍN, serán competentes para coñecer dos

litixios que poidan plantexarse os Xulgados e Tribunais de Marín, renunciando expresamente os participantes desta promoción ao seu propio fuero, de resultar distinto ao aquí pactado.

En Marín, a 1 de setembro de 2025